

Maceda homenaxe a Francisco Carballo, "figura importante" do galeguismo

sábado 27 de Decembro de 2014 | Galiciaé / EFE

O Concello de Maceda (Ourense) rendeu este sábado homenaxe ao sacerdote, teólogo e escritor Francisco Carballo, unha "figura importante" de Galicia, vinculada ao nacionalismo e que faleceu recentemente. O acto contou coa presenza do portavoz nacional do BNG, Xavier Vence, e congregou a un centenar de persoas de distintos ámbitos.

Antes de comezar o acto, o editor e xornalista Xan Carballa resaltou a Efe a importancia da figura de Carballo, "querida e importante para o país", de quen valorou a súa "entrega total" na defensa dos intereses de Galicia.

Baixo esta premisa, a localidade ourensá -da que é oriúndo - quíxolle render esta tarde unha "homenaxe civil", un acto que se suma aos celebrados noutras localidades de Galicia, e que non é máis que "un recoñecemento de todos os sectores cos que tratou, xente coa que traballou e coa que militou", abundou.

Entre os seus diferentes recoñecementos, Carballo recibiu en 2001 o *Premio pola defensa da terra* da Irmandade Moncho Valcarce (2001), e en 2012 o premio *Bos e Xenerosos* que cada ano entrega a Asociación de Escritores en Lingua Galega a unha persoa ou institución, xa que é autor de diversas obras de ensaio como *Breve Historia de Galiza*.

Aínda que de todas as súas facetas, este editor significou o seu labor para constituír un grupo "de historiadores e investigadores coa idea central de facer investigación á vez que divulgación", engadiu. Carballo tivo varias vinculacións,

"por unha banda, a relixiosa, onde participou con varios movementos; o asociacionismo cultural, a súa parte política, pois participou nas primeiras eleccións democráticas" e, o máis importante, "o seu traballo como historiador".

"Conta cunha obra extensa e foi núcleo dun colectivo de persoas que vían a historia como punto de partida para dar a coñecer esa historia quizá deturpada de Galicia e na que había interese en sacala á luz e darlle unha interpretación do país", engadiu.

Tras finalizar os seus estudos de Teoloxía e Historia en Madrid, foi director de varios institutos, e profesor en San Vicente de Paúl de Salamanca, onde foi reitor entre 1965 e 1975. Pola súa banda, o portavoz nacional Xavier Vence subliñou a súa implicación co nacionalismo e a súa "entrega ao país". Neste sentido, destacou os seus esforzos "para que Galicia tivese conciencia de si mesma"-.

Segundo apuntou, Carballo tivo unha "importante contribución á renovación da historia de Galicia para desmontar moitos dos mitos e mentiras da historia oficial española". Ademais, "colaborou desde os anos 70 co nacionalismo e todos os movementos sociais de forma moi xenerosa" como intelectual e persoa comprometida "na liberación de Galicia como pobo oprimido", engadiu.

Oriúndo de Maceda, as cinzas descansan actualmente na localidade ourensá. Morreu o pasado 29 de novembro en Salamanca, onde permanecía ingresado nun hospital pertencente á orde relixiosa á que pertencía, a Congregación da misión Pais Paúles. No transcurso do acto, os organizadores proxectaron un vídeo relacionado coa súa figura.